

Denominacións galegas do arco da vella

Os romanos utilizaban para designa-lo arco da vella a forma AR-CUS¹; base da maioría das denominacións románicas, que aparecía, con frecuencia, complementado cunha serie de epítetos: *ingens arcus* (Verg. Georg. 1,381; Aen. 5,658), *arcus pluvius* (Hor. Ars. 18), *imbrifer arcus* (Tib. 1,4,44), *purpureus arcus* (Prop. 3,5,52), *arcus...amplior...rubicundior quam sol...* (Sen. Nat. 1,5,2), *arcus niger* (Ov. Met. 11,568), *sidereus arcus* (Colum. 10,292), *arcus caelestis* (Plin. Nat. 17,39; 37,22), etc.².

Moitas destas denominacións traducen crenzas latinas que se conservaron ata os nosos días, mesmo fóra da cultura occidental.

A aparición do arco da vella despertou en tódalas épocas a fantasía popular. A poderosa imaxinación do home viu neste fenómeno a manifestación das forzas da Natureza e, por iso, púxoo en relación coa actividade dun ser funesto³. Explícase, deste xeito, que no noroeste peninsular as

¹ As fontes son moi numerosas: Plautus, Curc. 132; Enn. Ann. 428; Apul. Mund. 16; liv. 41,21,12; Plin. Nat. 2,150; Val. Fl. 1,656; Sen. Nat. 1,3,1; 1,8,6. Cfr. *Thesaurus Linguae Latinae*, Lipsiae, 1900-1906, II, 478-479, s.v. *arcus caeli*.

² *Ibid.* Véxase ademais A. Forcellini, *Lexicon totius latinitatis*, Patavii, Typis Seminarii, 1940, I, p. 310, s.v. *arcus*.

³ En Galicia crese que o arco da vella rapta ou, polo menos, intenta seducir-las xóvenes fermosas; de aí o esconxuro: “arco da vella / vaite de aí / que as nenas bonitas / non che son pra tí” (X. Alonso Montero, *Gran Enciclopedia Gallega*, Heraclio Fournier, Vitoria, 1975, II, p. 159, s.v. *arco da vella*. (Citaremos G.E.G.). Nesta idea de rapto podería esta-la orixe da expresión *gancho da vella* localizada en Mondariz (Pontevedra).

A relación do fenómeno co demo aparece nos refráns, algúns deles moi populares: “Cando chove e fai sol / anda o demo pro Ferrol / cun saco de alfileres / para picar ás mulleres” ou “Cando chove e fai sol / vai o diaño pro Ferrol / cargado de tenedores / para espichar ós homes” (M. Lis Quibén, “El conjuro de la tronada en Galicia”, *Revista de dialectología y tradiciones populares*, VIII, 1952, p. 488; véxase ademais F. Zamora Mosquera, *Refráns e ditos populares galegos*, Ed. Galaxia, Vigo, 1972, p. 54.

Tamén en América do Sur o arco da vella é concebido coma un diabo maligno e vengativo, responsable das enfermidades e de diversos cataclismos naturais: “El arco iris enferma al indio caribe cada vez que no halla nada que comer en el cielo (...) En cuanto aparece encima de las tierras, los indígenas se ocultan en sus chozas y piensan

formas empregadas para designa-lo arco fagan referencia a unha “vella” frecuentemente emparentada coas bruxas.

A denominación *arco da vella* é común en Galicia⁴, caracterizando ademais as falas galegas de Asturias⁵ e León⁶.

A interpretación do fenómeno como obra de bruxas queda reflexada na expresión *arco das bruxas*, recollida en Verín (Ourense)⁷.

Se ben a forma xeral é *arco da vella*⁸, existen outras formacións con *vella*, de uso moito máis restrinxido, e que podemos considerar variantes do tipo estándar.

A denominación *barco da vella/de vellas* aparece nas localidades de Mesoiro e a Picota (A Coruña) e Moledo (Vigo) (*ALGa*). A *G.E.G.* rexistra esta forma en Ordes (A Coruña) e Sta. María de Oia (Pontevedra). Este

que es un espíritu misterioso y rebelde que busca a alguien para matarlo” (Cfr. C. Lévi-Strauss, *Mitológicas*, Fondo de Cultura Económica, México, 1972, I, p. 244). En Checoslovaquia, cando o arco aparece, os enfermos non deben estar deitados enriba da cama, xa que morren (F.S. Krauss, “L’arc-en-ciel à Pleternica en Slavonie (Autriche-Hongrie)”, *Quaderni di Semantica*, 2 (1981), p. 126). Non se debe ser irrespeitoso co arco da vella xa que as consecuencias poden ser terribles: é moi coñecida a crenza de que, se algunha vella mexa ó pé do arco, cambia de sexo. En Calabria (Italia), ollar insistentemente ó arco da vella ou sinalalo co dedo trae como castigo a ictericia (*male dell’arco*).

Tendo en conta as nefastas influencias que dende épocas antigas se lle atribúen ó arco da vella, non é de extrañar que este fenómeno fora sempre temido polos homes.

⁴ Empregamos como base de estudio os materiais inéditos do *Atlas Lingüístico Galego* elaborado polo I.L.Ga (= *ALGa*), pregunta nº 644. A denominación *arco da vella* non é exclusiva de Galicia e existen paralelos en Portugal (*arco-da-velha*) e nas Illas Canarias: *arco de la vieja*.

⁵ En Salave (Tapia de Casariego), Coaña, Porzún (Piantón), Boal, Vilanova de Oscos, Pesoz e S. Antolín de Ibias (*ALGa*).

⁶ En Candín, Paradaseca (Villafranca do Bierzo), Calafresnas (Corullón) e Carracedo (Carracedelo) (*ALGa*).

⁷ Dende tempos antigos as bruxas foron consideradas como as causantes de diversos fenómenos atmosféricos: En Provenza, a Vella é portadora do frío e máis da xiada: os tres últimos días de febreiro e os tres primeiros de marzo denomínanse “li jour de la Vieiò” debido á friaxe (cfr. F. Mistral, *Lou Tresor dou Felibrige ou Dictionnaire Provençal-Français*, reimp. Biblio-Verlag, Osnabrück, 1966, II, p. 1.118). En Picardía, o remufño chámase unhas veces “sorcière”, outras “vieille”. A denominación “vento das bruxas” aparece tamén en alto alemán (*Drudenwind*) e en vasco (*sorgiñaize*) (cfr. G. Rohlf, *Estudios sobre el léxico románico*, Anotaciones de M. Alvar, Biblioteca Románica Hispánica, Gredos, Madrid, 1979, p. 85).

⁸ A expresión *arco das mozas / das novas* rexistrada en Amandi (Lugo), Xinzo e Ramirás (Ourense) e Cotobade (Pontevedra) poderíase explicar coma contraposición a *arco da vella*.

modo de designalo arco podería ter outra explicación poñendo en relación o fenómeno coa imaxe dun barco, xa que este pode aparecer nunha estilización coma unha curva, pero invertida respecto do arco.

Atopamos tamén na nosa rexión a expresión *marco da vella*, sendo o significado de *marco* difícil de precisar. Podería considerarse ben unha deformación de *arco*⁹ ou ben de *barco* por confusión de labiais. Recóllese esta forma nas localidades coruñesas de Pezobrés (Santiso), Espiñaredo (A Capela), Sísamo (Carballo) (*ALGa*), Sta. Comba (onde rexistramos tamén o masculino *marco do vello*), Melide e Santaia¹⁰. No resto de Galicia é pouco frecuente e localízase en puntos aillados: Alariz (Ourense), Monterroso (Lugo) (*G.E.G.*) e Rodeiro (Pontevedra) (*ALGa*).

A forma plural *marco das vellas* recollémola en Baltar, Calvos de Randín (*ALGa*) e Xinzo (*G.E.G.*) en Ourense; Villalba en Lugo (*G.E.G.*) e Lamea (Ordes) na Coruña (*ALGa*).

Os termos que viñeron substituír ó latín *arco* reflexan claramente a enorme importancia que lle deu o pobo á imaxe externa do arco da vella.

Este foi asimilado por diferentes culturas a toda unha serie de obxectos redondos dos que só se pode ve-la metade; o motivo desta identificación é obvio: a súa forma semicircular. Xurden así denominacións como *circo da vella* rexistrada nas localidades coruñesas de Xaviña (Camariñas), San Salvador de Duio (Fisterra), San Mamede (Carnota) e Louro (Muros)¹¹.

Outras veces o home detívose na forma alongada e estreita das súas bandas cromáticas: localizamos, así, en Estonllo (Pontevedra) a expresión *risco da vella*.

A denominación *cinta da vella* recollida en Puebla de Sanabria (Zamora) encerra ámbalas dúas ideas xa que aínda que se trata dun obxecto de forma alongada pode, en calquera momento, adoptar unha forma

⁹ A mesma deformación atopámola nun punto de Normandía (Francia) onde *marque de la vieille* procede seguramente dunha forma antiga "arc de la vieille". (Cfr. P. Sébillot, *Le folklore de la France: le ciel, la nuit et les esprits de l'air*, Ed. Imago, Paris, 1982, p. 86.

¹⁰ C. García, *Glosario de voces galegas de hoxe*, Anexo 27 de Verba, Universidad de Santiago, 1985.

¹¹ Os derivados do tipo latino CIRCŪLUS son frecuentes no suroeste de Francia (*ALG*) e moi numerosos en Cerdeña: *krikk'i ábba* (Busachi), *krikk'e ákkwa* (Cabra), *círku e žélu* (Aritzo), *čírku e šòli* (Gadoni), *su žrikku de oñi yérru* (Isili), *čírku de Noé* (Arzana, Villasimíus), etc. (Cfr. M.L. Wagner, *Dizionario etimologico sardo*, Carl Winter Universitätsverlag, Heidelberg, 1960, I, p. 342, s.v. *kirkku*).

curva. Xa para os clásicos a deusa Iris baixaba á Terra, vestindo unha túnica longa e folgada e cinguindo os seus cabelos cunha cinta. E evidente, xa que logo, que o pobo identificara o arco da vella cunha cinta de cores¹².

A referencia á variedade cromática do fenómeno está presente nas designacións *o ponte coloreado* e *os sete cores* rexistrados en Xermade e Bóveda, respectivamente, localidades pertencentes á provincia de Lugo.

Tanto a forma *ponte* como *cinta* implican, ó mesmo tempo, unha idea de unión entre o ceo e a terra: o arco da vella é o camiño por onde van e veñen os deuses, por onde as almas dos xustos son conducidas ó ceo.

E importante nota-la dependencia e subordinación dos fenómenos celestes en que vive toda cultura agraria: xa en tempos dos romanos, o arco da vella concebíase, unhas veces, coma presaxio de tempo revolto, outras coma anuncio de bo tempo. Esta crenza segue viva e, aínda hoxe, o arco da vella pronostica unha melloría ou un empeoramento do tempo segundo o momento do día no que se manifeste:

Arco da vella pola mañá,
auga a tarde.

Arco da vella ó poñente,
solta os bois e vente.

Arco da vella ó anoitecer,
bó tempo ó amanecer.

(G.E.G., II, p. 160, s.v. *arco da vella*).

Todos estes refráns reflexan a importancia que o campesino dá á orientación do arco porque lle indica se trae ou non choiva. A referencia á choiva está presente na denominación *arco da chuva*¹³; recollemos ta-

¹² A imaxe da cinta ou do cinturón goza de grande extensión: as denominacións con *ceinture* son moi frecuentes en Francia (cfr. o *ALF* e os atlas rexionais *ALL*, *ALMC* e *ALJA*); tamén no norte de Italia encontramos formas como *sinğelin*, *vęŋęa del sińor*, *ventúra de san sán* (*ASLEF*) ou *la sinqa del drák* (cfr. a área suízo-italiana (*AIS*)).

Por outra banda, *cinturón de la Vieja* é a expresión empregada nas illas gregas de Chipre, Creta e Peloponeso para referirse ó arco da vella (cfr. G. Rohlfs, *Est. sobre el léx. rom.*, p. 90).

¹³ A referencia á choiva está presente tamén fóra da área románica: "arco da choiva" é a forma común para designa-lo arco en Inglaterra (*rainbow*), Alemaña (*Regenbogen*), Irlanda (*boghafrais*) e na India (*kvarvarvirsh*) (H. Gaidoz - E. Rolland et al., "L'arc-en-ciel", *Quaderni di Semantica*, 2 (1981), p. 116).

mén *seña da auga* na localidade pontevedresa de Berredo (Agolada) (G.E.G.).

Pero o arco da vella non só trae consigo choiva, ocasiona ademais grandes tronadas; isto explica que en Arbo (Pontevedra) se lle dea o nome de *arco do trono* (G.E.G.).

Este abano de formas que traslucen a alma dun pobo corren o risco de desapareceren, presionadas pola forma “oficial” *arco iris* que, paseniramente, vai imponéndose en moitas zonas¹⁴. Este avance da forma “oficial” sobre as marxinais habería que relacionalo coa desaparición das crenzas populares que latexaban baixo algunhas delas. Tamén as escolas, onde se aprenden os fenómenos atmosféricos, tiveron que desempeñar un papel importante na normalización desta designación.

Con todo, na mentalidade popular mantense a consideración do arco da vella coma algo inqueda e misterioso.

M^a FE BESTEIRO

¹⁴ O *ALGa* rexistra *arco iris* en Cedeira, Cayón, Ponteceso, Touro, Boiro, Viveiro, Rinlo (Ribadeo), Muras, Goiriz (Villalba), Proba de San Xulián (Láncara), Folgoso do Caurel, Carballeda, Larouco, Viana do Bolo, Vilariño de Conso, Xinzo de Limia, Gudiña, Castrelo do Val, Bande, Entrimo, Vilardebós, Oimbra, Vila de Cruces, Forcarei, Cambados e Bueu.